



CONCELLO DE BURELA

BANDO

BANDO INFORMATIVO SOBRE AS MEDIDAS ESPECÍFICAS MÁIS RELEVANTES ADOPTADAS POLA AUTORIDADE SANITARIA COMPETENTE CON MOTIVO DO ESTADO DE ALARMA DECLARADO POLO REAL DECRETO 926/2020, DO 25 DE OUTUBRO, PARA A PREVENCIÓN DO SARS-CoV-2 NO ÁMBITO DO TERMO MUNICIPAL DO CONCELLO DE BURELA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BURELA FAI SABER:

PRIMEIRO.- MEDIDAS DE PREVENCIÓN.

Sen prexuízo do disposto no Decreto 179/2020, do 4 de novembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, así como na Orde da Consellería de Sanidade do 4 de novembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, no non previsto nelas, será en todo caso de obrigado cumprimento as medidas establecidas polas autoridades sanitarias competentes no Acordo do Consello da Xunta de Galicia de 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID.19, na Orde da Consellería de Sanidade do 21 de outubro do 2020, así como no Real Decreto-lei 21/2020, do 9 de xuño, e no Real Decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas por el SARS-CoV-2, e a establecidas en calquera outra norma ou acto administrativo ditado pola autoridade competente que resulte de aplicación.

SEGUNDO.- MEDIDAS ESPECÍFICAS MÁIS RELEVANTES DE PREVENCIÓN.

1ª) Desde as 00.00 horas do 7 de novembro, ata as 15.00 horas do 4 de decembro de 2020, **queda restrinxida a entrada e saída de persoas no ámbito territorial do Concello de Burela**, a excepción daqueles desprazamentos adecuadamente xustificadas, que se produzan polos motivos especificados no apartado 3 do dispositivo primeiro do Decreto 179/2020, do 4 de novembro.

2ª) Desde as 00.00 horas do 5 de novembro, ata as 15.00 horas do 4 de decembro de 2020, **a permanencia de persoas en espazos de uso público, tanto pechados como aire libre, queda condicionada a que non se supere o número máximo de seis (6) persoas.**

De igual xeito, **a permanencia de grupos de persoas en espazos de uso privado quedará condicionada a que non se supere o número máximo de seis (6) persoas.**

3ª) Desde as 00.00 horas do 7 de novembro, ata as 15.00 horas do 4 de decembro de 2020, **a permanencia dos grupos de persoas referidas anteriormente, tanto en espazos de uso público, como privado, tanto pechados, como ao aire libre, quedará limitada aos grupos constituídos por persoas convivintes.**

A anterior limitación, non impedirá a reunión con persoas non convivintes que se

Concello de Burela

Rúa Eijo Garay, 20, Burela. 27880 (Lugo). Tfno. 982586000. Fax: 982585945





produzan por motivos de asistencia e coidado, incluído o acompañamento a maiores, menores, dependentes ou persoas con discapacidade, ou por causa de forza maior ou situación de necesidade.

4ª) As limitacións referidas no presente Bando como 2ª) e 3ª), **non serán de aplicación no caso de actividades laborais, institucionais, empresariais, profesionais, sindicais, de representación de traballadores, e administrativas, actividades en centros universitarios, educativos, de formación e ocupacionais, así como no caso da práctica do deporte federado**, sempre que se adopten as medidas previstas nos correspondentes protocolos de funcionamento.

Tampouco serán de aplicación naquelas actividades no anexo II da Orde da Consellería de Sanidade do 4 de novembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, respecto das cales se considere expresamente a posibilidade de que poidan ser desenvolvidas por grupos de persoas, sexan de convivintes ou non convivintes.

5ª) **As persoas procedentes de fóra do ámbito territorial do Concello de Burela**, deberán cumprir o disposto nas normas e actos ditados pola autoridade sanitaria competente e, en todo caso, **só poderán entrar no mesmo, de forma adecuadamente xustificada, nos supostos previstos no apartado 3 do dispositivo primeiro do Decreto 179/2020, do 4 de novembro.**

6ª) Mantense a prohibición de desenvolver actividades que teñan por obxecto festas, verbenas e outros eventos populares, así como a instalación e desenvolvemento da actividades das atraccións de feiras.

7ª) **Desde as 00.00 horas do 7 de novembro, ata as 15.00 horas do 4 de decembro de 2020, serán de aplicación, entre outras medidas** das establecidas na Orde da Consellería de Sanidade do 4 de novembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, **as seguintes:**

- i. A actividade das **academias, autoescolas e centros privados de ensino non regrado e centro de formación e actividade formativa xestionada ou financiada pola Administración autonómica**, poderá impartirse dun **modo presencial** sempre que **non se supera o cincuenta por cento (50%) da capacidade máxima permitida** nos devanditos centros.
- ii. A actividade en **cines, teatros, auditorios, e espazos similares, así como en recintos ao aire libre e noutros locais e establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas non pechadas temporalmente**, poderá ser desenvolvida cun **límite máximo de trinta (30) persoas para lugares pechados, e setenta e cinco (75) persoas para actividades ao aire libre.**

O límite de aforo anterior poderase ampliar, previa autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade, ata un máximo de cincuenta (50) persoas para lugares pechados, e cento cincuenta (150) para actividades ao aire libre, todo elo de acordo cos requisitos establecidos no parágrafo 3º do apartado 4 do Anexo II da Orde da Consellería de Sanidade do 4 de novembro de 2020.

- iii. **A practica deportiva non federada, ao aire libre, poderá realizarse de forma individual ou colectiva, sen contacto físico, sempre que, no caso da práctica colectiva, todas as persoas integrantes do grupo sexan**

Concello de Burela

Rúa Eijo Garay, 20, Burela. 27880 (Lugo). Tfno. 982586000. Fax: 982585945



Cod. Validación: AX0M7ZF.LM.JPKFZXCCT9T49GD | Corrección: <https://burela.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 6



convivintes, sen contar, se é o caso, o monitor.

- iv. Nas **instalacións e centros deportivos** poderase realizar **actividade deportiva non federada de forma individual**, sen contar, se é o caso, o monitor, **sen contacto físico**, e sempre que **non se supere o cincuenta por cento (50%) da capacidade máxima permitida**. Deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersonal durante o desenvolvemento da actividade.
- v. A celebración de **eventos deportivos**, deberá **realizarse consonte o disposto nos apartados 3.22 e 3.22 bis do Acordo do Consello da Xunta de Galicia de 12 de xuño de 2020**, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID.19, sen prexuízo do sinalado no punto ix) deste Bando.
- vi. O desenvolvemento dos **adestramentos dos deportistas e equipos que practiquen actividade deportiva federada de competencia autonómica**, deberán **realizarse consonte o disposto no apartado 3.21 do Acordo do Consello da Xunta de Galicia de 12 de xuño de 2020**, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID.19, sen prexuízo do sinalado no punto ix) deste Bando.
- vii. As **competicións deportivas federadas de competencia autonómica** deberán **realizarse consonte o disposto no apartado 3.21 do Acordo do Consello da Xunta de Galicia de 12 de xuño de 2020**, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID.19, sen prexuízo do sinalado no punto ix) deste Bando.
- viii. As **competicións deportivas oficiais non profesionais de ámbito estatal** de modalidades deportivas que poidan implicar contacto, **así como os adestramentos dos equipos e deportistas que participen nas mesmas**, deberán **realizarse consonte o disposto no apartado 3.21 do Acordo do Consello da Xunta de Galicia de 12 de xuño de 2020**, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID.19, sen prexuízo do sinalado no punto ix) deste Bando.
- ix. A celebración de **eventos deportivos, adestramentos, e competicións deportivas que se celebren en instalacións deportivas ou na vía pública** **poderán desenvolverse con público** sempre que este **permaneza sentado**, que **non se supere o cincuenta por cento (50%) da capacidade permitida** ou do espazo que se trate e cun **límite de trinta (30) persoas para lugares pechados**, e **setenta e cinco (75) persoas para actividades ao aire libre**.

O límite de aforo anterior poderase ampliar, previa autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade, ata un máximo de cincuenta (50) persoas para lugares pechados, e cento cincuenta (150) para actividades ao aire libre, todo elo de acordo cos requisitos establecidos no parágrafo 3º do apartado 6 do Anexo II da Orde da Consellería de Sanidade do 4 de novembro de 2020.

- x. As **actividades de tempo libre dirixidas á poboación infantil e xuvenil** poderanse realizar cando se desenvolvan ao **aire libre**, cun **límite de número de participantes do cincuenta por cento (50%)** da súa asistencia máxima habitual, e cun **máximo de cincuenta (50) participantes, incluídos os monitores**.

En **espazos pechados**, poderán desenvolverse sempre e cando non se supere o **cincuenta por cento (50%) da capacidade máxima** do recinto, cun **máximo**

Concello de Burela

Rúa Eijo Garay, 20, Burela. 27880 (Lugo). Tfno. 982586000. Fax: 982585945



Cod. Validación: AX0M7ZF.LM.JPKFZXCCT9T49GD | Corrección: <https://burela.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 6



de vinte e cinco (25) participantes, incluídos os monitores.

Tanto nun coma noutro caso, as actividades realizaranse en **grupos dun máximo de seis (6) participantes, sexan ou non convivintes e incluíndo os monitores**, que deberán **traballar sen contacto cos demais grupos**.

xi. **Os centros cívicos ou sociais** – de titularidade pública ou privada -, poderán realizar a súa actividade cunha **capacidade máxima do cincuenta por cento (50%) do seu aforo**, extremando as medidas de protección nas actividades grupais socioculturais que realicen e **en grupos de máximo seis (6) persoas, sexan ou non convivintes, incluído o monitor ou guía**.

xii. Poderán celebrarse **congresos, encontros, reunión de negocio, conferencias, eventos e actos similares** promovidos por calquera entidade, de natureza pública ou privada, sempre que **non se supere o cincuenta por cento (50%) da capacidade permitida no lugar de celebración**, e cun límite máximo e **trinta (30) persoas para lugares pechados**, e **setenta e cinco (75) persoas para actividades ao aire libre**.

O límite de aforo anterior poderase ampliar, previa autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade, ata un máximo de cincuenta (50) persoas para lugares pechados, e cento cincuenta (150) para actividades ao aire libre, todo elo de acordo cos requisitos establecidos no parágrafo 3º do apartado 12 do Anexo II da Orde da Consellería de Sanidade do 4 de novembro de 2020.

xiii. No resto de **locais e establecementos** – sen prexuízo daqueles que teñen que estar temporalmente pechados -, **para os cales non se recollan expresamente as condicións de capacidade** establecidas na Orde da Consellería de Sanidade do 4 de novembro de 2020, **non se poderá superar o cincuenta por cento (50%) da súa capacidade ou aforo**, e, en todo caso, o seu límite máximo será de **trinta (30) persoas para lugares pechados**, e **setenta e cinco (75) persoas para actividades ao aire libre**.

O límite de aforo anterior poderase ampliar, previa autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade, ata un máximo de cincuenta (50) persoas para lugares pechados, e cento cincuenta (150) para actividades ao aire libre, todo elo de acordo cos requisitos establecidos no parágrafo 3º do apartado 13 do Anexo II da Orde da Consellería de Sanidade do 4 de novembro de 2020.

xiv. Os **límites sinalados no punto anterior non será de aplicación aos establecementos comerciais de alimentación, bebidas, produtos e bens de primeira necesidade, establecementos farmacéuticos, servizos médicos ou sanitarios, ópticas, produtos ortopédicos, produtos hixiénicos, salóns de peiteado, prensa e papelería, combustible para a automoción, estancos, equipamentos tecnolóxicos e de telecomunicacións, alimentos para animais de compañía, comercio pola internet, telefónico ou correspondencia, tinturarías e lavandarías**, sen prexuízo da necesidade de cumprir as obrigas xerais previstas nesta orde e as medidas xerais de hixiene e protección.

8ª) **Desde as 00.00 horas do 7 de novembro de 2020, ata as 15.00 horas do 4 de decembro**, de acordo co previsto no Anexo III da Orde da Consellería de Sanidade do 4 de novembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, **deberán permanecer pechados, entre outros,**

Concello de Burela

Rúa Eijo Garay, 20, Burela. 27880 (Lugo). Tfno. 982586000. Fax: 982585945



Cod. Validación: AX9M7ZF.LM.JPKFZXCCT9T49GD | Corrección: <https://burela.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 6



os seguintes establecementos:

- i. **Salóns de xogo e tendas de apostas.**
- ii. **Salóns recreativos e parques multiocio.**
- iii. **Restaurantes e salóns de banquetes, cafeterías e bares.**

Os establecementos de restauración permanecerán pechados ao público – así como, no seu caso, as terrazas anexas aos mesmos, por ser estas unha instalación accesoria dos mesmos, tal e como se dispón nos artigos 41.1 b) e 42 ter da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galici, e 44 b) e 48 da Ordenanza sobre regulación integrada de actividades económicas, apertura de establecementos e desenvolvemento de espectáculos públicos e actividades recreativas no Concello de Burela -.

Sen prexuízo do anterior, poderán prestar exclusivamente servizos de entrega a domicilio ou para a súa recollida no local e consumo a domicilio. A permanencia nestes establecementos deberá ser a estritamente necesaria. En todo caso, evitanse aglomeracións e controlarase que consumidores e empregados manteñan a distancia de seguridade establecida co fin de evitar posibles contaxios.

Os establecementos de restauración de centros sanitarios ou de traballo que limiten a súa actividade aos traballadores deles ou, no caso dos centros sanitarios tamén a acompañantes de doentes, poderán manter o servizo de cafetería, bar e restaurante. Non poderán superar o cincuenta por cento da súa capacidade. O consumo dentro do local poderá realizarse unicamente sentado na mesa, ou agrupacións de mesas, e deberase asegurar o mantemento da debida distancia de seguridade interpersoal entre clientes. A ocupación máxima será de seis persoas por mesa ou agrupación de mesas e deberán ser todas elas conviventes.

iv. Discotecas e pubs.

A lista referida, debe completarse co resto de actividades recreativas, espectáculos públicos e establecementos que, consonte o Anexo III da Orde da Consellería de Sanidade do 4 de novembro de 2020, deben permanecer pechados.

En todo caso, poderán permanecer abertos e desenvolverse – sen prexuízo do disposto no apartado terceiro do presente Bando -, entre outros, as seguintes actividades e establecementos abertos ao público:

- i. **Espectáculos cinematográficos e cines.**
- ii. **Espectáculos teatrais e musicais, e auditorios.**
- iii. **Actividades deportivas e pavillóns, recintos e ximnasiaos deportivos.**

TERCEIRO.- MEDIDAS ESPECÍFICAS NOS RECINTOS DEPORTIVOS DO CONCELLO DE BURELA.

O recinto deportivo anexo ao Parque Rosalía de Castro do Concello de Burela, quedará clausurado desde as 00.00 horas do 7 de novembro, ata as 15.00 horas do 4 de decembro de 2020, non podendo ningunha persoa non autorizada acceder ao mesmo, en ningún caso.

O resto dos pavillóns e recintos deportivos de titularidade municipal permanecerán abertos, nos termos e de acordos coas condicións establecidas na normativa, resolucións e acordos adoptados polas autoridades sanitarias competentes.

Concello de Burela

Rúa Eijo Garay, 20, Burela. 27880 (Lugo). Tfno. 982586000. Fax: 982585945



Cod. Validación: AX0M7ZF.LFM.JPKFZXCCT9T49GD | Corrección: <https://burela.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 6



CUARTO.- CARÁCTER INFORMATIVO DO BANDO.

A excepción do disposto no parágrafo primeiro do precitado apartado terceiro deste edicto, compre sinalar que o presente Bando ten carácter exclusivamente informativo, debendo estarse sempre e en todo caso ao disposto nas normas, acordos ou resolucións vixentes ditados en materia de saúde pública pola autoridade sanitaria competente.

Singularmente, resultará de aplicación no ámbito do Concello de Burela, o disposto no Decreto 179/2020, do 4 de novembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, así como o establecido nos Anexos II e III da Orde da Consellería de Sanidade do 4 de novembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. En todo o non previsto en ditos Anexos II e III, estarase ao disposto no Anexo II da devandita orde e, no seu caso, naquilo que non contradiga o anterior, no disposto no Acordo do Consello da Xunta de Galicia de 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID.19.

En todo caso, prevalecera o disposto nas normas, acordos e resolución ditados polas autoridades competentes en materia de saúde pública, fronte ao expresado a título informativo no presente Bando. A tal efecto, compre recordar que as medidas de prevención contidas en ditas disposicións e actos, serán obxecto de seguimento e avaliación continua polas autoridades sanitarias competentes co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria. Como consecuencia deste seguimento e avaliación, as medidas poderán ser modificadas ou levantadas antes do transcurso dos períodos sinalados anteriormente por orde da persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.

QUINTO.- COMPETENCIA.

O presente Bando municipal dítase pola persoa titular da Alcaldía do Concello de Burela, ao amparo das competencias que lle confiren os artigos 21.1, letra e), e 84.1, letra a), da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local, 61.1, letra f), e 286.1, letra a), da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, 55 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, e 41.13 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

ALFREDO LLANO GARCÍA
ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BURELA

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

Concello de Burela

Rúa Eijo Garay, 20, Burela. 27880 (Lugo). Tfno. 982586000. Fax: 982585945



Cod. Validación: AX0M7ZFLLMJPKFZXCCT9T49GD | Corrección: <https://burela.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 6